

CONSIDERACIÓNS ANTE A APROBACIÓN DA NOVA LEI DE INCLUSIÓN

*GRUPO DE TRABALLO DE INCLUSIÓN - GRUPO DE TRABALLO SS.SS.
COMUNITARIOS BÁSICOS*

Setembro 2021

INCLUSIÓN



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

RÚA DUBLÍN 6, BAIXO - 15707 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. INTRODUCCIÓN

A pobreza ou precariedade económica é só un factor da exclusión social como **fenómeno multidimensional**, motivo polo cal entendemos que o acompañamento e a intervención social profesional en tempos de crise é fundamental, tanto para lograr procesos satisfactorios de inclusión social como para previr posibles novas situacións de vulnerabilidade. Por isto, os **itinerarios de inclusión sociolaboral** constitúen ferramentas de traballo “vivas” e flexibles, podendo mudar ao longo das distintas etapas vitais das persoas participantes e adaptándose aos seus distintos perfís sociais, de xénero, identitarios, educativos, culturais, laborais...así como das súas necesidades e demandas, tanto implícitas como explícitas.

A “**Estratexia de Inclusión Social de Galicia**” (EIS Galicia) constitúe un marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as persoas destinatarias consigan a súa inclusión social e laboral.

As redes tecidas durante anos de traballo interdisciplinar en coordinación entre os servizos sociais comunitarios básicos, específicos e entidades de iniciativa social nas nosas zonas de influencia, co protagonismo da EIS Galicia no deseño e implementación de itinerarios de inclusión sociolaboral, ubica aos equipos nunha situación privilexiada dende a que visibilizar a labor dos servizos públicos nos retos existentes e nos que están por chegar ante as consecuencias derivadas da crise da COVID 19.

Así mesmo, o novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital implica unha reorganización e re-estruturación que afecta ás diferentes rendas de garantía de ingresos e salarios sociais das Comunidades Autónomas e entidades locais.

O sistema de Servizos Sociais debe estar presente na procura do seu ben protexible que é **a intervención social coas persoas**, en aqueles contextos onde se presentan dificultades de inclusión, participación e inserción social. Este Sistema de protección debe traballar coordinadamente e de xeito conectado co resto de Sistemas de protección (emprego, vivenda, sanidade, educación...) para lograr unha inclusión plena, de aí que debamos apostar polas políticas sociais transversais.

Establécese no artigo 28.1 do Real Decreto-Lei 20/2020, de 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital que “O *Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracions promoverá, no ámbito das súas competencias, **estratexias de inclusión das***

persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital mediante a cooperación e colaboración cos departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as entidades locais, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social”.

O deseño destas estratexias dirixirase á remoción dos obstáculos sociais ou laborais que dificultan o pleno exercicio de dereitos que socavan a cohesión social”. (Ley Nº 154, 2020: 36046).

A existencia de equipos técnicos profesionais da intervención social dentro da rede pública de servizos sociais, con experiencia no deseño e posta en práctica de itinerarios de inclusión sociolaboral consensuados coas persoas usuarias, constitúe o escenario idóneo na nosa comunidade autónoma dende onde artellar dispositivos efectivos de incorporación social e laboral nun contexto de crise económica e social como o actual.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, implanta a existencia dunha rede de servizos sociais comunitarios específicos consistente en equipos técnicos de inclusión sociolaboral. Actualmente os equipos comarcais de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os equipos de inclusión sociolaboral dalgunhas das grandes cidades son os que están a levar a cabo esas funcións. Pola contra, nalgunhas cidades as persoas usuarias non teñen acceso a un/ha técnico/a de inclusión que exerza estas funcións, quedando excluídas deste dereito.

*O Decreto 61/2016, do 11 de febreiro polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión da Consellería de Política Social define o **nivel de actuación dos servizos sociais específicos** (equipos de inclusión social do Consorcio e dalgunhas das grandes cidades) como un servizo orientado a revertir procesos de exclusión social, incluíndo a exclusión severa, mediante o apoio socioeducativo e psicosocial así como, de ser o caso, o fortalecemento das competencias precisas para posibilitar o acceso ao emprego. As prestacións e a súa intensidade variarán en función do establecido no correspondente proxecto de inclusión sociolaboral.*

Actualmente os dispositivos de inclusión están formados por diferentes equipos consolidados e repartidos ao longo da xeografía rural galega (20 equipos comarcais do Consorcio e outros equipos nalgunhas grandes cidades) que traballan de forma directa cos servizos sociais comunitarios básicos, garantindo o acceso a este dereito de forma descentralizada, chegando tanto ás zonas urbanas como rurais.

No caso do rural de maior dispersión, estes equipos son, xunto cos SS.SS. Comunitarios

Básicos, o único recurso existente, sendo así un recurso privilexiado para a detección de necesidades e problemáticas.

A nova lei de Inclusión debe **garantir o acceso a un sistema de servizos sociais públicos que dignifique ás persoas e dea cobertura a situacións de emerxencia sen retroceder en dereitos, fomentando a xustiza social e evitando a deriva cara unha xestión asistencial baseada na caridade e escasa profesionalización.**

A nova lei de inclusión debe evitar a duplicidade de recursos e aproveitar o potencial dos servizos sociais públicos con ampla experiencia na intervención con colectivos vulnerables (Equipos de Inclusión dos Concellos e da Consellería de Política Social) que abranguen todo o territorio da comunidade autónoma galega.

As entidades do terceiro sector deben complementar os SS.SS públicos en cuestións como a oferta de formación básica e/ou ocupacional adecuada aos perfís e necesidades detectadas polos equipos de profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos de referencia para lograr os obxectivos de inserción sociolaboral cos colectivos atendidos. Neste sentido, **os itinerarios personalizados de inserción deben partir dende o Sistema Público de Servizos Sociais**, encargándose éste de facer a derivación correspondente aos recursos e servizos existentes na rede.

O mantemento dunha metodoloxía de traballo en rede, coordinada e continuada, artellada xa ao longo dos anos (*a través da Estratexia de Inclusión Social, antes II Plan de Inclusión*) é fundamental para lograr unha intervención que redunde en beneficio das persoas participantes e en definitiva revirta na sociedade, alcanzando obxectivos de inserción social e laboral.

2. MARCO TEÓRICO DE REFERENCIA

Neste documento resulta importante contextualizar e ubicar na lexislación autonómica o amparo existente para os equipos de inclusión social, tanto do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar como os creados nas cidades, destacando todo o recollido sobre a súa finalidade e funcións.

2.1. Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020

É un documento base que especifica o traballo que desenvolven os equipos e menciona dentro das prioridades o financiamento destes, que teñen o carácter de servizos sociais comunitarios específicos, con cobertura efectiva en todo o territorio galego.

2.2. A Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

Define e regula o sistema galego de servizos sociais. Os equipos de inclusión social están integrados nesta lei como **Servizos Sociais específicos** no seu artigo 12, definindo as funcións que desenvolven no artigo 13.

“a) Programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

b) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.

c) A xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas que possibiliten no seu ámbito o logro dos obxectivos recollidos no artigo 3 desta lei, no marco do Plan estratéxico de servizos sociais.”

En canto ao Consorcio de Servizos Sociais como prestador de servizos sociais, a disposición adicional segunda di:

“1. En cumprimento do previsto no artigo 64º da presente lei, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos Concellos galegos a fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.”

2.3. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

Implanta a existencia dunha **rede de servizos sociais comunitarios específicos** consistente en equipos técnicos de inclusión sociolaboral. Quenes actualmente están desempeñando esas funcións son os equipos de inclusión do Consorcio e das cidades que dispoñen destes.

2.4. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

Facer referencia a onde di: *“os servizos sociais comunitarios básicos, tendo en conta os recursos dispoñibles na zona onde resida a persoa perceptora, e de acordo co previsto no*

proyecto de integración social, remitirán a persona interesada ao persoal técnico de inclusión que corresponda para a elaboración do convenio. A persoa beneficiaria derivarase a un/unha técnico/a de inclusión social, que poderá ser do propio concello, da Axencia Galega de Servizos Sociais (AGSS), do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou, no caso de non ser posible o anterior, dunha entidade de iniciativa social debidamente autorizada”.

2.5. Decreto 61/2016, do 11 de febreiro polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión

Define o nivel de actuación dos servizos sociais específicos (equipos de inclusión social do Consorcio e cidades) como un servizo orientado a reverter procesos de exclusión social, incluíndo a exclusión severa, mediante o apoio socioeducativo e psicosocial así como, de ser o caso, o fortalecemento das competencias precisas para posibilitar o acceso ao emprego. As prestacións e a súa intensidade variarán en función do establecido no correspondente proxecto de inclusión sociolaboral.

2.6. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Os equipos de inclusión social están definidos nos orzamentos da comunidade autónoma Galega, como transferencia a consellería de Política social, Dirección xeral de inclusión social, Servizos sociais comunitarios segundo se recolle no Capítulo VIII des Decreto.

2.7. Estatutos do Consorcio

No capítulo II, fins e competencias, no seu artigo 6 recóllese:

- a) *“O Consorcio ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local (centros de prestación de servizos sociais de atención primaria).*
- b) *Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.*
- c) *Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.*

d) *Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio. Ademais, o Consorcio poderá realizar cantas actividades complementarias ou derivadas reforcen a eficacia no cumprimento dos seus fins xerais.”*

No artigo 7, Competencias, establece:

a) *“O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia.*

b) *O establecemento de directrices xerais de cara á prestación dos servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do consorcio e, en especial, na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos, en todos aqueles extremos que sexan necesarios para asegurar a calidade e a eficiencia na prestación dos servizos sociais asumidos.*

c) *A participación na definición dos criterios xerais que orienten as políticas de benestar social, especialmente aquelas obxecto do plan concertado, ou calquera outro mecanismo de planificación.”*

2.8. Orde do 26 de maio do 2015, pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Especifica o seguinte: “o devandito modelo de informe social será o de referencia para o acceso á rede de recursos de atención ás persoas en risco ou situación de exclusión que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, con carácter xeral, para o acceso aos servizos sociais comunitarios de atención ás persoas en risco ou situación de exclusión.”

2.9. Outros:

- **Tramo de inserción vinculado a RISGA da HSUE**

Desde o ano 2019 os Equipos de inclusión social do Consorcio traballan coa Historia social única electrónica (HSUE), tramitando o tramo de inserción vinculado a

prestación RISGA dependente de Política Social, onde se recollen os datos, as valoracións e as informacións sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos/as profesionais e dos servizos ou prestacións que interviñeron sobre este.

- **Subvencións ás corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.**

No artigo 6 das convocatorias 2019 e 2021, as persoas destinatarias das actuacións subvencionables nos programas obxecto da axuda serán as perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia, **as persoas en situación ou risco de exclusión da rede de equipos de inclusión sociolaboral**, e, en xeral, as afectadas por factores de exclusión social.

Esta rede está integrada polos Equipos de Inclusión Social do Consorcio e/ou dos dos Concellos que dispoñan.

Participación no grupo mixto para para a selección de traballadores/as que se contraten ao abeiro das ordes anuais pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Segundo o artigo 13.C da convocatoria vixente: “a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, **da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación”.

3. CONSIDERACIÓNS DOS GRUPOS DE TRABAJO DE INCLUSIÓN E SS.SS. COMUNITARIOS BÁSICOS DO COTSG

De cara á próxima modificación da Lei de Inclusión Social de Galicia, os **Grupos de Traxo de Inclusión e SS.SS. Comunitarios Básicos do COTSG**, queren achegar as

seguintes consideracións baseadas na experiencia diaria na intervención social cos colectivos en situación ou risco de exclusión social:

I.- Complementariedade e subsidiariedade da RISGA co IMV. Ampliación de cobertura da RISGA.

Moitas persoas en risco ou situación de exclusión social continúan sen poder acceder á condición de beneficiarias do IMV por non cumprir os requisitos de carácter económico recollidos no artigo 8 do *Real Decreto Lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital* (BOE Nº 154 DO 1/06/2020) e que continúan vixentes tralas recentes modificacións introducidas no *Real Decreto-lei 3/2020, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da fenda de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico* (BOE nº 29 do 3/02/2020).

A Renda de Inclusión Social de Galicia debería estar baseada nunha garantía mínima de ingresos ata o limiar de pobreza relativa.

De xeito específico considérase o seguinte:

→ Establecer dotacións orzamentarias de RISGA para complementar o IMV, é dicir, compatibilizar ambas prestacións para poder completar as contías do IMV coas porcentaxe da RISGA correspondentes.

Na actualidade danse situacións especiais nas que as persoas beneficiarias do IMV non acadan unha garantía mínima de ingresos. Compútanse os ingresos do exercicio anterior e merecen especial atención mediante trámite de urxencia aquelas situacións de grave vulnerabilidade como discapacidade, familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero, minorías étnicas, vítimas de explotación sexual ou trata, exclusión territorial, etc.

→ Asegurar a cobertura coa RISGA daquelas persoas en situación transitoria de irregularidade cando solicitan protección internacional así como a todas aquelas con dificultades para regular a súa situación, sen orde de expulsión, ampliando a garantía de cobertura para necesidades básicas.

→ Garantir a cobertura coa RISGA a mulleres vítimas de trata e prostitución en situación administrativa regular e irregular. Valoración doutros colectivos ante a imposibilidade de acreditar esta situación sen denuncia.

→ As persoas que deixan de percibir RISGA e pasan a IMV perden dereitos económicos, de acompañamento no seu itinerario sociolaboral, de acceso a emprego protexido...etc. polo que se solicitan cauces de compatibilidade entre o IMV e os itinerarios de inserción.

→ Facilitar que as persoas beneficiarias de RISGA podan compatibilizar os contratos de traballo de curta duración garantindo unha maior axilidade dende as unidades tramitadoras nas regularizacións da prestación para previr a desincentivación e evitar situacións temporais de maior vulnerabilidade económica.

→ **Garantir acceso ao IMV de familias separadas/divorciadas con fillos a cargo** sen existencia de pensión compensatoria a favor do/a menor (compartindo gastos) aínda que o/a menor esté empadronado co outro cónxuxe por cuestións administrativas.

Neste caso si teñen acceso a IMV, pero son consideradas unidades convivencias dunha única persoa e non se ten en conta aos menores á hora de percibir os complementos por familiar convivente na unidade familiar.

→ **Asegurar o dereito de acceso a RISGA das persoas emigrantes retornadas** a través da ampliación do límite de idade de 65 anos en situacións excepcionais, valoradas e xustificadas polos SS.SS. Comunitarios Básicos cando non exista dereito a outra pensión/prestación.

→ **Establecer unha regulamentación clara con directrices sobre o deseño de itinerarios de inclusión sociolaboral no IMV no que prime o Sistema Público,** coordinado co resto de sistemas e recursos, para así evitar duplicidades. O Colexio Oficial de Traballo social está disposto a colaborar na elaboración desta regulamentación se se considera necesasario.

→ **Ampliar o límite económico no que se refire ao artigo 6.4 da Lei sobre incompatibilidades.** para dar cobertura a familias monoparentais con 2 fillos/as a cargo para poder percibir a parte proporcional de RISGA correspondente.

→ Dado que a **libranza para coidados no entorno familiar** é un dereito subxectivo da persoa dependente para gastos derivados dos seus coidados, considérase que non debería verse deducida da contía da RISGA.

→ **Equiparar importes dos complementos familiares de RISGA ao IMV.**

→ Solicítase **buscar ferraementas para previr a desincentivación e inserción laboral** das persoas, posibles receptoras de RISGA, que van deixar de percibir IMV por superar límite de ingresos do ano anterior.

II.- Cauces efectivos de comunicación e coordinación entre a Seguridade Social e a Xunta de Galicia.

→ Cómpre previr e artellar os **mecanismos de coordinación necesarios para buscar fórmulas de compatibilidade para evitar os reintegros e garantir a axilidade e eficacia na tramitación.**

- Apóstase pola homoxenidade en toda a Comunidade Autónoma na actuación de ambos Sistemas.

III.- Desenvolvemento do artigo 57.1. da Lei Inclusión Social en relación ao papel da Estratexia de Inclusión Social de Galicia

- Dar protagonismo á intervención dos equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos Sociais e dos SS.SS. comunitarios específicos en relación aos itinerarios inclusión sociolaboral, e desenvolver normativamente aqueles itinerarios para as persoas perceptoras do IMV da CC.AA de Galicia, ademáis das perceptoras da RISGA.

No artigo 57.1, recóllese que: “A Xunta de Galicia impulsará e actualizará, en colaboración coas entidades locais, un plan galego de inclusión social que fixará obxectivos e estratexias en relación co obxecto desta lei e precisará as fórmulas de coordinación entre os recursos públicos das administracións competentes, así como coas entidades de iniciativa social especializadas na inclusión social de colectivos e persoas”.

- Tendo en conta o artigo 28.1 do *Real Decreto-Lei 20/2020* sobre o que o Ministerio competente deberá promover (tal e como se recolle na introdución) valórase como necesaria a **coordinación non excluínte entre os equipos técnicos de inclusión social coas entidades de iniciativa social**, na derivación de persoas usuarias a accións formativas, ocupacionais e prelaborais que den resposta aos obxectivos dos distintos itinerarios personalizados de inserción encamiñados á inserción socio-laboral, pero **debendo partir sempre a elaboración dos itinerarios desde a propia Administración.**
- As accións formativas a impartir deben planificarse en función do perfil das persoas usuarias e das súas demandas previamente analizadas. Actualmente estanse a impartir accións formativas de carácter xeralista que non se adaptan aos perfís de todas as persoas integrantes ao carecer dun criterio uniforme, sí garantido dende a Administración Pública.

IV.- Reforzo e mellora dos tramos de inserción e transición ao emprego da Lei de Inclusión Social de Galicia.

- Extensión do dereito de complementariedade da percepción do IMV co tramo de inserción e transición ao emprego co fin de incentivar a mellora ocupacional e a inserción laboral.

- Deseño e tramitación por parte dos servizos sociais públicos coa coordinación xa prevista no desenvolvemento normativo actual.
- Contemplan a posibilidade de acceder ao tramo de inserción en máis de dúas ocasións, o límite máximo recollido na actualidade.

Trataríase de situacións xustificadas polos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos co fin último de poder dar continuidade e acadar os obxectivos dun itinerario de inclusión sociolaboral que precisa mais tempo para acadar resultados e onde a valoración do persoal técnico sexa positiva. Asemade, poder ofrecer unha continuidade do tramo de inserción naqueles casos como o descrito anteriormente, sen necesidade de esperar os 12 meses requeridos entre o remate do primeiro tramo de inserción desfrutado con prórroga e o acceso ao seguinte.

- Aplicar a retroactividade na concesión do tramo de inserción co obxectivo de cubrir os gastos asumidos dende o inicio da acción formativa por parte da persoa solicitante e así estimular a formación das persoas beneficiarias. A retroactividade ou non, non contemplada na normativa, estase a aplicar segundo o criterio heteroxéneo das unidades de tramitación de cada provincia.
- Reducir o tempo mínimo de contrato esixido actualmente (máis de 6 meses) a 3 meses para a aplicación do tramo de transición ao emprego. Con esta esixencia detéctase que só as persoas que acceden a emprego protexido (“contratos RISGA”) poden acceder a este tramo xa que na situación do mercado laboral actual é complexo o acceso inicial a contratos superiores a 6 meses.
- Posibilidade de tramitación do tramo de inserción e do tramo de transición ao emprego a perceptores indirectos de RISGA ou IMV. Tendo en conta que a persoa titular pode presentar un perfil de carácter social e/ou prelaboral e os/as beneficiarios/as indirectos/as ter un perfil laboral.
- Valorar a posibilidade de simultaneidade na percepción destes complementos por parte de varias persoas da mesma unidade de convivencia en circunstancias específicas e xustificadas polos servizos sociais comunitarios e/ou específicos.
- Flexibilidade/estímulos para as empresas a través de convocatoria anual de subvencións para a contratación de persoas perceptoras de RISGA e IMV. O tramo de transición ao emprego como estímulo podería dar mellores resultados aplicándoo a estes casos na empresa ordinaria en lugar de limitalo a un entorno de emprego protexido nos contratos suscritos con entidades locais, sendo este o contexto no que se están a presentar mais casos de acceso ao mesmo e producíndose de oficio a súa tramitación. Por este motivo, sería unha mellora importante que puidera percibirse en mais dunha ocasión, e que non se limitara o seu desfrute a unha única

vez como está contemplado na actualidade.

- Promover o emprego protexido nas empresas privadas. A pesar de existir e estar regulado, está suxeito a un contrato amplo e moitas empresas deciden non arriscar.

V.- Aumentar o complemento de vivenda de RISGA.

Actualmente a contía establécese no 10% do IPREM con carácter xeral e no 15% do IPREM para familias con menores a cargo.

Establecer o complemento nun 20% con carácter xeral e 25 ou 30% con menores a cargo.

VI.-Reforzo do sistema público de servizos sociais.

- Dotación ás entidades locais de recursos humanos suficientes para atender ás situacións de usuarios/as en risco de exclusión e/ou situacións de emerxencia social.
- Dotación de persoal técnico especializado nas Unidades Tramitadoras Provinciais, preferiblemente traballadores/as sociais.
- Redotación de recursos humanos aos equipos de inclusión sociolaboral e que se recoñeza a labor como ss.ss comunitarios específicos, retirando a categorización de “orientador/a laboral” no actual borrador da RPT do Consorcio.
- Incorporar a figura do traballo social en todas as fases do proceso de intervención.

VII.- Crear Comisións de inclusión social provinciais para favorecer o intercambio de opinións/visións/relacións de traballo ca Consellería de Política Social de forma periódica. Nestas comisións deberá existir representación dos/as traballadores/as sociais dos SS.SS. Comunitarios Básicos como profesionais de referencia do Sistema, dos/as traballadores/as sociais e/ou técnicas/os de referencia dos SS.SS. Comunitarios específicos de inclusión e dos/as traballadores/as sociais das Unidades de Tramitación, en todo caso de todas as provincias.

VIII.- Afianzar o traballo en rede xerado entre os equipos de inclusión e os SS.SS comunitarios básicos.

Manter e reforzar o tecido en rede creado ao longo destes anos entre os SS.SS. comunitarios básicos, os equipos de inclusión e as entidades do terceiro sector entendendo a estas como entidades fundamentais para **complementar** determinados programas do sector público.

IX.- Recuperar a intervención e o acompañamento social como camiño favorecedor cara a inclusión sociolaboral da poboación en situación ou risco de exclusión social.

X.- Compatibilidades sen dedución entre as becas derivadas de accións de Formación Ocupacional para as persoas perceptoras de RISGA e o tramo de inserción.

As becas das persoas perceptoras de RISGA que participan en Accións Formativas para Desempregados/as (AFDs) por diferentes conceptos: desprazamento, fillos/as a cargo, discapacidade, etc. deberían manterse na súa totalidade evitando descontos nas mensualidades de RISGA mentres dure a acción formativa para non desincentivar a mellora ocupacional, en especial nas zonas rurais nas que o desprazamento constitúe un sobre esforzo económico. Propónse o aumento do límite, como mínimo, ao 35%.

XI.- Ter en consideración as situacións de exclusión territorial que se suman ás de exclusión social e laboral no medio rural galego no acceso ao tramo de inserción.

Posibilitando que a ditame do persoal técnico encargado do deseño do convenio de inclusión socio laboral, as persoas beneficiarias podan acceder directamente a contía do 35% do IPREM do tramo de inserción, dados os especiais contextos de dispersión territorial e de rede deficitaria ou inexistente de transporte público nos que viven as persoas participantes.

XII.- Garantir a homoxeneidade na valoración e tramitación en toda a Comunidade Autónoma

- Débese promover a actuación consensuada e homoxénea nas diferentes unidades administrativas tramitadoras da RISGA.
- Debe existir un procedemento regulado para o trámite da RISGA nas unidades administrativas tramitadoras, homoxeneizando en toda a CC.AA. aquela acreditación documental complementaria á solicitude que se vai a esixir a través de requirimentos.
- Establecer canles de comunicación fluidas cos/coas profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios a través do MATIASS ou outra comunicación dixital na que se facilite a información das circulares internas dos cambios de criterio e/ou interpretacións normativas co obxectivo de garantir a calidade da intervención.
- Aplicar o mesmo criterio en todas as provincias sobre a obriga de xustificación de persoas obrigadas a prestar alimentos.

Entendemos que o establecido na normativa actual permite a xustificación mediante informe social de relacións deterioradas nas que non se pode facer esta obriga,

evitando requirimentos de documentación excesiva, xa que se poñen en risco as relacións xa de por si disfuncionais. Tamén vulnera a dignidade e intimidade da persoa, non respetando o seu dereito a non comunicar a outras persoas a súa situación de precariedade económica.

XIII.- Reducir a concesión das prestacións periódicas á Comunidade Autónoma.

Actualmente existe convivencia entre prestacións periódicas para persoas sen recursos en diferentes Administracións Locais e na CC.AA. e dende o Colexio enténdese que esta circunstancia produce desigualdades territoriais e “bancos de pobreza” de persoas que se desprazan xeográficamente atraídas por unha prestación económica local, polo que se considera que as prestacións periódicas que xa existen a nivel CC.AA. e nivel estatal deberían ser suficientes para evitar duplicidades.

XIV.- Axudas de Inclusión Social

- As persoas que pasan de RISGA a IMV perden dereito a AIS para para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación e para para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia. Apóstase pola complementariedade e ampliar o criterio económico para darlles acceso.
- Solicítase a eliminación dos proxectos de inclusión sociolaboral neste trámite.
- Solicítase a homoxeneización de todas as AIS establecendo a concesión máxima de unha AIS ao ano en todos os supostos.
- Apóstase pola compatibilidade do complemento de alugueiro da RISGA e axilización do trámite para a concesión (dotación de persoal nas unidades de tramitación).
- Proponse o establecemento de modalidades alternativas de cobro á apertura dunha conta bancaria, tales como cheques á persoa portadora, convenios coas entidades bancarias habituais.... para que se garanta que as persoas susceptibles de ser beneficiarias dunha axuda de inclusión teñan facilidade para abrir unha conta e recibir esta axuda.

4. OUTRAS APORTACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE INTERESE NO CONTEXTO ACTUAL

- **Reforzo de persoal** nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e específicos para

apostar pola intervención **poñendo no centro o acompañamento das persoas** no acceso a todos os seus dereitos e a plans de integración e recuperación laboral, evitando medidas puntuais e políticas asistencialistas.

- Manter en **exclusiva o deseño dos tramos de inserción** por parte dos equipos de traballo dos Servizos Sociais comunitarios básicos e específicos.
- No relativo ás **Axudas de Inclusión Social, dar prioridade** ás solicitudes que teñen por obxectivo a **cobertura de necesidades básicas** (alimentación, vivenda, pagamento de subministros etc) con tramitación urxente e preferente.
- **Itinerarios Personalizados de Inserción** deseñados en exclusiva polos SS.SS comunitarios básicos, específicos (Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) e/ou persoal contratado polas Administracións Públicas ao abeiro da “orde do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e se convocan para os anos 2020, 2021 e 2022, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020”, sendo o 3º sector destinatario de axudas económicas para financiar formación de persoas que xa teñen proxecto deseñado e dirixido con anterioridade polas servizos sociais comunitarios das administracións públicas.
- **Seguimento e emisión de informes** requeridos por parte dos organismos competentes, en relación ás persoas perceptoras de RISGA e/ou IMV por persoal ao servizo das Adm. Públicas en exclusiva, dando preferencia aos Equipos de Inclusión que xa teñen aberto expediente destas persoas.

ANEXOS

ÁREAS FUNCIONAIS E TAREFAS DOS EQUIPOS COMARCAIS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

Recollidas no documento: Subdirección Xeral de Inclusión Social (2008). *Procesos de inclusión sociolaboral en galiza, documento técnico, Grafinova, S.A, 39-40.*

- Análise da realidade social da súa área de actuación.
- Coordinación cos servicios sociais de atención primaria de saúde.
- Coordinación coa unidade tramitadora da RISGA.
- Coordinación cos diferentes departamentos administrativos implicados na cohesión social e na loita contra a pobreza e a inclusión social.
- Promover e dinamizar redes comunitarias territoriais para combater a desigualdade social establecendo mecanismos de cooperación na loita contra a pobreza e a exclusión social.
- Coordinación cos diferentes axentes sociais que desenvolven acción de inserción sociale e laboral (tecido asociativo e terceiro sector) orientado a súa oferta de servizos de inclusión e favorecendo a súa eficacia e complementariedade eco sector público.
- Establecemento de estruturas de colaboración co tecido empresarial, axentes sociais, iniciativas locais de economía social, entre outros, para a busca de novas oportunidades.
- Identificación de entidades promotoras de empresas de inserción laboral nas súas zonas de intervención.
- Elaboración de propostas ao equipo coordinador de deseño de programación de actividades formativas para persoas participantes do Plan de Inclusión.
- Seguimento e avaliación das acción formativas desenvolvidas polas entidades de iniciativa social.

- Actualización dos datos estadísticos mensuais das acción realizadas polo equipo.
- Seguimento e avaliación das actividades formativas desenvolvidas polas entidades de iniciativa social. Elaboración de informes de execución e seguimento do Plan na súa demarcación.
- Avaliación continúa das actuacións desenvolvidas.
- Asesoría, intervención directa e acompañamento de casos de acordó coa estratexía e papel que se determine en función das características do territorio e da composición do equipo e das persoas usuarias.
- Analise do contorno sociofamiliar das persoas usuarias, valoración diagnóstica e identificación de membros da unidade de convivencia en relación co seu potencial para a inserción laboral así como, se é o caso, a detección de problemáticas de carácter social que requiren a intervecnión de servizos sociais.
- Deseño e realización de entrevistas ás potenciais persoas participantes.
- Deseño, seguimento e avaliación dos itinerarios personalizados de inserción.
- Titorización e orientación das persoas participantes do plan.
- Resolución dos conflitos e problemáticas que aparezan coas persoas participantes derivados da dúa inclusión nas distintas acción do plan.
- Deseño e participación na execución de programas adaptados de habilidades sociais, de educación para convivencia, de saúde, reforzó educativo, etc.
- Valoración e identificación das persoas participantes, adaptación nos procesos de selección das seus perfís cos postos vacantes ofertados polas empresas.
- Seguimento das accións conxuntas desenvolvidas polas entidades de iniciativa social da súa área de intervención e das persoas participantes do plan que delas se benefician.
- Analise da situación socioeconómica da súa área de intervención e detección de posibles oportunidades e vieiros de emprego.
- Elaboración dun directorio de empresas potencialmente colaboradoras.
- Establecemento de contactos e visitas a empresas para ofertar información sobre as medidas e incentivos á contratación de persoas en risco de exclusión social, así como medidas para a práctica de responsabilidade social corporativa axustada ás características da empresa.

- Identificación dos perfís profesionais das persoas usuarias, en función da demanda do sector empresarial.
- Dirección de grupos de búsqueda activa de emprego, promovendo fórmulas de inserción que mellor se axusten ao perfil da persoa participante.

NOVAS FUNCIÓNS NOS EQUIPOS DE INCLUSIÓN DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

No ano 2019 os Equipos de inclusión social do Consorcio traballan coa coa Historia social única electrónica (HSUE), tramitando o tramo de inserción vinculado a prestación RISGA dependente de Política Social, onde se recollen os datos, as valoracións e as informacións sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos/as profesionais e dos servizos ou prestacións que interviñeron sobre este.

Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social. Onde di: "os servizos sociais comunitarios básicos, tendo en conta os recursos dispoñibles na zona onde resida a persoa perceptora, e de acordo co previsto no proxecto de integración social, remitirán a persoa interesada ao persoal técnico de inclusión que corresponda para a elaboración do convenio. A persoa beneficiaria derivarase a un/unha técnico/a de inclusión social, que poderá ser do propio concello, da Axencia Galega de Servizos Sociais (AGSS), do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou, no caso de non ser posible o anterior, dunha entidade de iniciativa social debidamente autorizada"

Participación no grupo mixto para para a selección de traballadores e traballadoras que se contraten ao abeiro das ordes anuais pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga). Consiste nunha convocatoria pública de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da

renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral, segundo o artigo 13.C da convocatoria vixente: “a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación”. (DOG, nº78 do 27/04/2021).